

Tendo en conta o informe proposta de data 25 de marzo de 2022 e que literalmente di:

“A Concellería de Muller e Igualdade organiza obradoiros infantís durante as vacacións escolares de Semana Santa 2022 baixo o título “Xornadas EDUcativas” na seguinte data:

- Do 11 ao 13 de abril de 2022, ambos incluídos

O obxecto destes obradoiros é apoiar ás familias na atención aos seus fillos en idade escolar durante os períodos vacacionais ademais de sensibilizar e fomentar un cambio de mentalidade e de valores de acordo co principio de igualdade entre homes e mulleres.

O número de prazas son as seguintes:

- Obradoiros urbanos: 70 (máximo 35 prazas en cada CEIP)
- Obradoiros no rural: 30

Os lugares nos que se levarán a cabo son:

- Zona rural: Local da AVV. Valle de Esmelle
- Zona centro: CEIP de Recimil e CEIP de Ponzos.

O servizo prestarase nos lugares anteriormente sinalados en horario de 8:30h a 14:30h.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello,(Praza de Armas, s/n), en horario de 9:00 h. a 14:00 h., ou en calquera dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O requisito imprescindible é que o/a menor estea empradoado no Concello de Ferrol, agás os/as menores derivados da Casa de Acollida Municipal.

As solicitudes seguirán unha rigorosa orde de inscrición segundo a data e hora de presentación no rexistro xeral, sendo éste o único criterio a seguir para a selección.

A documentación a presentar será:

- Solicitud (Anexo I)
- DNI do/a solicitante.
- Autorización cesión de imaxe (Anexo II)

Os obradoiros están dirixidos a menores con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Deben ter os 3 anos cumpridos o 11 de abril de 2022 e non cumprir os 13 anos antes do 14 de abril de 2022.

O prazo para solicitar a inscrición en ditos obradoiros será dende o 26 de marzo ao 4 de abril, ambos incluídos.

Polo exposto, propónse á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- A aprobación do prazo de inscrición dende o o 26 de marzo ao 4 de abril, ambos incluídos.

Segundo.- Aprobar o criterio que fixa a orde de preferencia para a participación nos obradoiros

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Ferrol e na web municipal.

“

Decreto: Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

A Concelleira delegada da área de Muller, Igualdade
Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización
Lingüística

Dou fe,
O Secretario Xeral